

NEO, base de datos xurídica xeral de Lefebvre

NEO é unha base de datos xurídica publicada pola empresa Lefebvre El Derecho, resultante da fusión das editoriais Francis Lefebvre e El Derecho. Á parte dos módulos característicos das bases de datos xurídicas (Xurisprudencia, Doutrina Administrativa, Lexislación, Convenios, Formularios), ofrece acceso aos produtos estrela da editorial, os Mementos Francis Lefebvre.

O sitio web da Biblioteca da UDC dedica unha [páxina](#) de acceso a este recurso de información, que describe coas seguintes palabras:

“acceso á toda a base de coñecemento xurídico de Lefebvre dende unha única plataforma con funcións de intelixencia artificial.


O módulo de Xurisprudencia contén sentenzas de TS, TC, AN Audiencias Provinciais, TSJ, DOUE, DOCE e Xulgados, Lexislación estatal, autonómica e europea, proporcionando acceso aos textos básicos permanentemente actualizados e as súas versións consolidadas, orixinal e intermedia. Ademais conta con: máis de 10.000 Formularios en todas as materias; unha ampla recompilación de artigos doutriniais en Bibliografía a texto íntegro; convenios estatais, autonómicos e locais integrados co resto de contido; un Dicionario Xurídico de máis de 2.500 termos; esquemas procesuais civís, sociais, concursais, contenciosos-administrativos e constitucionais. Así mesmo tense acceso aos 48 Mementos, 8 Actum e a Revista de Jurisprudencia.”

Ao igual que o resto de bases de datos de Dereito subscritas pola UDC ([Aranzadi](#), [Tirant On Line](#), [vLex](#), [La Ley Digital 360](#), etc.), NEO dispón dun buscador xeral que procura en todos os contidos da base e de buscadores específicos para cada un dos seus módulos.

Pódese acceder ao buscador xeral ben premendo no elemento *Inicio* do menú superior o ben, desde calquera dos módulos específicos (Xurisprudencia, Lexislación, Mementos, etc.) a través do cadro de procura na parte superior:

Buscador xeral de NEO

A través do elemento de menú *Inicio*



LEFEBVRE Todos los productos ▾

INICIO MEMENTOS JURISPRUDENCIA D. ADMINISTRATIVA LEGISLACIÓN CONVENIOS FORMULARIOS ACTUM

Busca en toda la base de datos

Buscar en todos los contenidos de Lefebvre

BUSCAR

Desde calquera outra das seccións da base de datos

The screenshot shows the top navigation bar of the Lefebvre website. The header includes the Lefebvre logo, a dropdown menu for 'Todos los productos', and a search bar with the placeholder text 'Buscar en todos mis productos'. Below the header is a dark blue navigation bar with links to 'INICIO', 'MEMENTOS', 'JURISPRUDENCIA', 'D. ADMINISTRATIVA', 'LEGISLACIÓN', 'CONVENIOS', 'FORMULARIOS', and 'ACTUM'. The 'JURISPRUDENCIA' link is highlighted. Below the navigation bar, there is a breadcrumb trail: 'Búsqueda Clásica > Jurisprudencia'. To the left of the search area is a 'MIS FILTROS' button. The search area itself has a 'BÚSQUEDA POR TEXTO' section with a text input field and a microphone icon, and a 'JURISDICCIÓN' section below it.

Ao comezar a escribir en calquera cadro de procura, xeral ou específico, o sistema ofrece suxestións de busca:

This screenshot shows a search bar with the text 'medianería' entered. Below the search bar, a dropdown menu displays suggestions. The first section is 'Sugerencias', which lists several related terms: 'medianería de la pared', 'servidumbre de medianería', 'medianería horizontal', 'acción negatoria de servidumbre de medianería', 'presunción de medianería', 'acción confesoria de servidumbre de medianería', 'signo contrario a la medianería', and 'pared medianera servidumbre de medianería'. Below this is a 'Legislación' section, which shows 'SECCIÓN CUARTA. De la servidumbre de medianería Código Civil, publicado por Real Decreto de 24 de julio de 1889.' and 'SECCIÓN PRIMERA. Medianería Ley 5/2006, de 10 de mayo, del libro quinto del Código civil de Cataluña, relativo a los derechos reales. [Comunidad Autónoma de Cataluña]'. At the bottom is a 'Mementos y Actum' section.

Os resultados das procuras pódense ordenar por relevancia ou data e filtrar polos criterios que figuran no cadro esquerdo da páxina (por termos afíns, texto, etc.)

This screenshot shows the search results page. At the top, there is a breadcrumb trail: 'Búsqueda Clásica > Legislación > Resultados'. Below this is a navigation bar with 'Legis: 270'. On the left side, there is a 'MIS FILTROS' section with a 'pared medianera' filter. Below this is an 'Afinar por término' section with various filters: 'balcon', 'edificación', 'bien de interés cultural', 'obra nueva', 'bien inmueble', 'casa', 'coto', 'de plano', 'madera', 'parcela', 'propietario', 'superficie', 'techo', 'terreno', and 'demolición'. Below these filters is a 'Buscar en Resultados' section with a text input field and a microphone icon. The main content area shows the search results, ordered by 'Relevancia'. The results are grouped by 'PRESIDENCIA DEL CONSEJO DE MINISTROS' and include three articles: 1.- Artículo 580 / Código Civil, 2.- Artículo 576 / Código Civil, and 3.- Artículo 577 / Código Civil. Each article is followed by a quote and a link to the full text.

Buscas específicas: Xurisprudencia e Lexislación

Premendo no elemento de menú *Xurisprudencia* accédese ao buscador de sentenzas, máis complexo co xeral, cos seguintes campos:

The screenshot shows the 'JURISPRUDENCIA' search interface. The top navigation bar includes 'JURISPRUDENCIA', 'D. ADMINISTRATIVA', 'LEGISLACIÓN', 'CONVENIOS', 'FORMULARIOS', 'ACTUM', 'BIBLIOTECA', and a search icon. The main search area is titled 'BÚSQUEDA POR TEXTO' and features a search bar with the placeholder 'Escribe aquí las palabras con las que deseas realizar tu búsqueda'. To the right of the search bar is a 'Sólo resumen' checkbox and a 'Búsqueda avanzada' dropdown menu. Below the search bar is a 'JURISDICCIÓN' dropdown menu set to 'Todas'. The 'DATOS BASE' section contains several filters: 'Seleccionadas en Colección Tribunal Supremo' (checkbox), 'Fecha' (calendar icon), 'Tribunal' (dropdown), 'Procedimiento' (dropdown), 'Sección / Número de juzgado' (dropdown), 'Sala' (dropdown), 'ECLI' (text input), 'Tipo' (dropdown), 'Ponente' (dropdown), 'Número' (text input), 'Nº de recurso' (text input), 'Territorio/Sede' (dropdown), 'Sentido del fallo' (dropdown), 'Demandante / recurrente' (dropdown), and 'Demandado / recurrido' (dropdown). At the bottom, there are two index sections: 'ÍNDICE SISTEMÁTICO' and 'ÍNDICE ANALÍTICO'. The 'ÍNDICE ANALÍTICO' section includes a horizontal menu with letters from A to V, preceded by 'Todo', and a search bar with the placeholder 'Pulsa para seleccionar el concepto'.

- Busca por texto: análoga ao de Lexislación, tamén coa posibilidade de *Busca avanzada*
- Datos base, información cos datos de identificación da xurisprudencia a procurar:
 - Data
 - Tribunal: Tribunal Supremo, Superior de Xustiza de Galicia, audiencias provinciais, xulgados, etc.
 - Procedemento: primeira instancia, recurso...
 - Tipo: Sentenza, normalmente
 - Outros datos: ECLI (identificador europeo de xurisprudencia), número, ámbito territorial, demandante/demandado, etc.
- Os criterios máis relevantes para axustar a procura e limitar son os índices, sistemático e analítico: o primeiro permite, mediante un sistema de ramas despregables, localizar un concepto baixando por una estructura de árbore xerarquizada; o segundo, mediante una ordenación alfabética.

Facendo clic no elemento de menú *Lexislación* accédese ao buscador de normas, cos seguintes campos:

The screenshot shows the Lexislación search interface. At the top, there is a navigation bar with links: ESTRATIVA, **LEGISLACIÓN**, CONVENIOS, FORMULARIOS, ACTUM, BIBLIOTECA, and a search icon. Below this, there are several filter tabs: **BÚSQUEDA POR TEXTO**, DATOS BASE, VIGENCIA, ORGANISMO EMISOR, and PUBLICACIONES. The **BÚSQUEDA POR TEXTO** tab is active, showing a search bar with the text 'propiedade'. To the right of the search bar is a checkbox for 'Sólo título' and a 'Búsqueda avanzada' button. Below the search bar, there are input fields for 'Rango' (set to 'Ley'), 'Número' (with an example '2/2015'), and 'Fecha' (with an example '2012 - 5/2012 - 12/05/2012'). Under the 'VIGENCIA' tab, there are radio buttons for 'Todas las disposiciones', 'Excluir las explícitamente derogadas', and 'Excluir derogadas explícitas a fecha:'. Below this, there is a date range input field. Under the 'ORGANISMO EMISOR' tab, there is a dropdown menu showing 'Administración del Estado/Congreso de los Diputados'. Under the 'PUBLICACIONES' tab, there is a dropdown menu showing 'Sin selección'.

- Busca por texto:
 - escribiendo palabras no cadro de texto, que ofrecerá suxestións
 - empregando os operadores booleanos "and", "or", "not", etc.
 - co asistente de operadores lóxicos, premendo no menú despregable da dereita *Busca avanzada*.

This screenshot shows the advanced search options in the Lexislación search interface. The 'Búsqueda avanzada' button is highlighted. Below it, there are four search criteria: 'propiedade', 'Buscar con alguna de las palabras', 'Palabras a eliminar', and 'Buscar la frase exacta'. Each criterion has a corresponding input field and a description of the search logic. For example, 'Buscar con alguna de las palabras' is described as 'ej: Arma Fuego buscaría textos con Arma y Fuego'. At the bottom right, there are two buttons: 'BORRAR CRITERIOS' and 'CERRAR'.

- Datos base:
 - Rango da norma: Lei, Decreto, Orde...
 - Número: por exemplo, "49/1960" devolve o resultado *Lei 49/1960, de 21 de xulio, sobre Propiedade Horizontal*
 - Data: 21/7/1960 devolve o mesmo resultado, *Lei 49/1960, de 21 de xulio, sobre Propiedade Horizontal*.
- Vixencia: permite buscar todas as normas ou excluír as derogadas.
- Publicacións: permite filtrar polo diario oficial no que se publicou a norma (BOE, DOG, etc.)

A funcionalidade máis interesante da base de datos NEO de Francis Lefebvre é a posibilidade de acceder ás versións electrónicas actualizadas dos coñecidos Mementos. Os de maior interese no eido da construción son os Mementos Inmobiliario e Urbanístico.

INICIO **MEMENTOS** JURISPRUDENCIA D. ADMINISTRATIVA LEGISLACIÓN CONVENIOS FORMULACIÓN

🏠 > Búsqueda Clásica > Mementos

Buscar en Mementos

Escribe una o varias palabras...

FILTRAR POR MATERIA

Todas

Fiscal

Social

Mercantil

Contable

Inmobiliario

Administrativo

Civil

Procesal

Penal

Multimateria

Ordenar por Materia

Memento Inmobiliario

Memento Urbanismo

Memento Administrativo

Memento Contratación Pública (Abog)

Memento Medio Ambiente

Os Mementos en formato papel caracterízanse por abarcar sistematicamente unha materia completa, por identificar cada parágrafo mediante números marxinais e polo seu minucioso sistema de enlaces e índices que conectan conceptos e eses números marxinais. A versión electrónica simplifica a procura aínda máis, permitindo a busca por texto, no sumario do libro e nunha táboa alfabética:

< Plegar

Localizar

Localizar por palabra o...

Sumario **Tabla Alfabética**

medianer|

Medianería:

525 s. (estudio de conjunto).

Medida cautelar:

7300 s. (ejecución hipotecaria: alegación en unión declarativa).

MEMENTO INMOBILIARIO

Fecha de edición: 7 de julio de 2023. Actualización mensual a través de Actum.

Últimas consultas

Derechos sobre bienes inmuebles

100	Sección 1.	Consideraciones generales	105
	Sección 2.	Régimen jurídico de la posesión	130
	Sección 3.	Propiedad de bienes inmuebles	230
	Sección 4.	Comunidad de bienes	460
	Sección 5.	Límites del dominio y servidumbres	485
	Sección 6.	Usufructo	705

Na páxina do concepto buscado, podemos navegar desde definicións xerais a aplicacións concretas a través dos distintos parágrafos e os números marxinais correspondentes (á esquerda), cada un deles con ligazóns á normativa, xurisprudencia, formularios, etc.

C. Medianería

(CC art.571 a 579)

525

Es la situación jurídica que se produce cuando dos fincas están separadas por un elemento común que pertenece a los propietarios de aquellas. Es preciso, por tanto que dicho elemento separador se halle, no a un lado, sino sobre la línea divisoria de dos propiedades. El elemento común separador puede ser de muy variada naturaleza: muro, pared, seto, valla, zanja, etc.

Precisiones

La llamada **medianería horizontal** se da en aquellas situaciones en que se produce el fenómeno constructivo de superposición de edificaciones, en el que una de ellas pisa sobre la otra con la que colinda. Este fenómeno se conoce igualmente con el nombre de «casas a caballo». Se utiliza también el término de **engalaberno** para hacer referencia a supuestos en los que una edificación construida en su propio solar invade o se apoya sobre otra construcción levantada en un terreno colindante, con ocupación de su vuelo o subsuelo (TS 7-6-21, EDJ 595775).

Documentos relacionados (2) ▾

527

Régimen jurídico

La comunidad jurídica de la medianería pertenece en **proindiviso** a los propietarios contiguos. La característica de la medianería es la proindivisión de toda su extensión y espesor, sin que pueda entenderse en el sentido de que pertenece físicamente por mitad a cada uno de los propietarios (TS 5-10-89, EDJ 8732; AP Huesca 29-4-93; AP Madrid 27-9-10, EDJ 281761). Se produce, por tanto, una mancomunidad o copropiedad regida por reglas específicas (TS 5-6-82, EDJ 11472).

La medianería se rige:

- en primer lugar, por las disposiciones del Código Civil; y

- en cuanto no se opongan a él y, especialmente, en lo no previsto por él, por las ordenanzas y usos locales.

El régimen de derechos y obligaciones de los medianeros, regulado en el Código Civil, es de aplicación supletoria en los casos en los que la medianería surja de un **acuerdo constitutivo**. En este sentido, son válidos todos los pactos que los medianeros tengan por convenientes, siempre que no sean contrarios a la Ley, a la moral o al orden público.

Documentos relacionados (1) ▾

A base de datos NEO tamén dispón doutros contidos, listados no menú superior:

- ACTUM, con noticias de actualidade e novidades agrupadas por materias e conectadas cos textos dos Mementos:

[INICIO](#) [MEMENTOS](#) [JURISPRUDENCIA](#) [D. ADMINISTRATIVA](#) [LEGISLACIÓN](#) [CONVENIOS](#) [FORMULARIOS](#) [ACTUM](#)

INMOBILIARIO & URBANISMO

📅 Octubre 2023
Balears. Medidas en materia de vivienda
País Vasco. Derecho de acceso a la vivienda
Balears. Turismo. Cambio de uso
[Ver más >](#)

ADMINISTRATIVO

📅 Octubre 2023
País Vasco: Reglamento del Patrimonio
Derecho de acceso a los documentos públicos
[Ver más >](#)

CIVIL

📅 Octubre 2023
Reconocimiento de s
normativa aplicable a
[Ver más >](#)

Premendo en *Ver máis* en calquera dos ACTUM, por exemplo, en *Inmobiliario & Urbanismo*, é posible acceder á totalidade de novas agrupadas por submaterias e tamén as de meses anteriores

Actualidad Inmobiliario

Derechos sobre bienes inmuebles

(Actum 10/23, Octubre 2023)

Derechos de sobre y subedificación sobre una finca colindante

Protección pública de vivienda y rehabilitación edificatoria

(Actum 10/23, Octubre 2023)

Baleares. Medidas en materia de vivienda

Baleares. Ayudas al alquiler

País Vasco. Derecho de acceso a la vivienda

Actualidad Urbanismo

Convenios urbanísticos

(Actum 10/23, Octubre 2023)

País Vasco. Convenios urbanísticos

Planeamiento territorial y urbanístico

(Actum 10/23, Octubre 2023)

Baleares. Suelo urbano. Cambio de uso de edificaciones situadas en suelo urbano

País Vasco. Regulación normativa en materia de

- Formularios Francis Lefebvre: libros que se publican en formato papel como os Mementos, cos que están conectados mediante ligazóns web. Conteñen formularios e modelos que abranguen a multiplicidade de actos xurídicos relativos a una determinada materia. Os de maior interese no eido da construción son os *Formularios Prácticos Inmobiliario* e *Comunidades de Propietarios*.

Buscar en Formularios

Escribe una o varias pal...



FILTRAR POR MATERIAS

Inmobiliario

Ordenar por

Materia



Buscar en los títulos:



Formularios Prácticos Comunidades de Propietarios



Formularios Prácticos Inmobiliario

Os formularios dispoñibles pódense editar, de maneira que é posible introducir os datos contractuais identificativos das persoas e bens para posteriormente imprimilo.

FORMULARIOS PRÁCTICOS INMOBILIARIO
Fecha de edición: 20 de marzo de 2023. Formularios actualizados semanalmente.

EDITAR

CERTIFICADO FINAL DE LA DIRECCIÓN DE LA OBRA

CERTIFICADO FINAL DE LA DIRECCIÓN DE LA OBRA

Edificación: *BEUAT.*

Emplazamiento: *la Fraga, 27, 15008 A Coruña*
via pública, número, letra, localidad, código postal
social.
y apellidos del arquitecto.

Constructor: *Don/Dña nombre y apellidos o razón social del constructor.*

- Doutrina administrativa: buscador de resoluciones ditas polos órganos superiores da Administración. Esta doutrina administrativa é semellante a xurisprudencia; diferéncianse en que a xurisprudencia é de interese nos procesos ante xuíces e a doutrina, nos procedementos administrativos ante órganos da Administración. Por isto, o buscador tamén é semellante ao de xurisprudencia, aínda que máis sinxelo, cos seguintes campos de procura:

BUSCAR

BÚSQUEDA POR TEXTO

Escribe aquí las palabras con las que deseas realizar tu búsqueda

☐ Sólo resumen

Búsqueda avanzada

ORGANISMO

DGRN/DGSJFP

DATOS BASE

Fecha

Registro

Procedimiento

Ejemplo: 2012 - 5/2012 - 12/05/2012

Número BOE

Fecha BOE

Ejemplo: 2012 - 5/2012 - 12/05/2012

DISPOSICIONES LEGALES

Escribe aquí la norma que te interesa

- Busca por texto: normal ou avanzada
- Organismo: o organismo creador de doutrina administrativa máis relevante no ámbito da construción é a Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública (DGSJFP), que ata 2020 se denominou Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado (DGRN)
- Datos base: data, número do BOE no que se publicou, etc.
- Disposicións legais: normas interpretadas por una resolución concreta.

[Acceso a NEO desde o sitio web da Biblioteca da UDC](#)

[Instrucións para acceder a colección electrónica desde fóra da rede da UDC](#)